



COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ERASMUS+

O/A alumno/a, que cursa actualmente 4º de ESO / 1º de BAC no IES Pedregal de Irimia (suliñar o curso que proceda) e, pai/nai/titor/titor/a legal do/da mesmo/a, por medio deste documento **expoñen o seu interese e compromiso** por participar no proxecto Erasmus+: "Working on cultural differences and stereotypes. A way to build European citizenship" (Traballando as diferenzas culturais e os estereotipos. Unha forma de construír cidadanía europea). Este compromiso consiste no seguinte:

Por parte do alumno/a:

- Participar activamente nas actividades do proxecto realizadas no centro e na súa contorna. Algunhas destas actividades poderán ser computadas como actividades avaliadas polo profesorado que imparta as materias coas que estén relacionadas, mentres que outras serán actividades de aprendizaxe que non se verán reflectidas nas cualificacións.
- Participar activamente, en caso de ser seleccionado/a, nas actividades que se leven a cabo na visita ao centro educativo asociado ASSOCIATION POUR LES ACTIONS EDUCATIVES DU LYCÉE MILITAIRE D'AUTUN (AAELMA) en Autun, Borgoña, Francia. Esta visita terá unha duración aproximada dunha semana.

Por parte das familias:

- Apoiar e animar os/as seus/súas fillos/as a participar nas actividades tanto no centro e a súa contorna como na viaxe ao centro educativo asociado.
- Acoller a un alumno/a do devandito centro asociado durante aproximadamente unha semana, proporcionándolle mantención e un espazo axeitado para durmir, se fose necesario. Aínda que, en principio, prevese que se aloxarán nun hotel.
- Se o acollemento non é recíproco, é previsible que sexa necesario contribuír economicamente para a mantención dos seus/súas fillos/fillas na súa visita a Francia.

Tanto o/a alumno/a como a familia **entenden e aceptan** que se realizará un proceso de selección entre o alumnado previamente inscrito. A adxudicación farase seguindo un barerme que está publicado na páxina web do instituto, no apartado do ERASMUS +.

En, a de de 2023.

O alumno/a

O pai/nai/titor/a legal